Http://12luas.blogspot.com
12luas@gmail.com

12 lúas

12 lúas é un proxecto cultural basado nas novas tecnoloxías gratuítas de internet (Youtube , Mindtouch Deki Wiki, Blogspot, Google Mail, Archive.org, Flickr e Facebook) coas licencias Creative Commons.

Este proxecto ten varios propósitos:

1. Unha nova revolución cultural basado nas tecnoloxías e na intercomunicación das diferentes artes.
2. A coloboración entre distintas persoas ou grupos para xerar novos proxectos ou artes. Promovendo a súa derivación e a complementaridade das artes e xéneros.
3. A posibilidade de chegar a tódolos públicos e promover a idea de que a cultura está ó alcance de todos.
4. A autopromoción creativa.
5. A liberdade de expresión.
6. A oportunidade de amosar as nosas innovacións e proxectos.
7. A pluralidade e a mestura das linguas como forza cultural.
8. Áreas principais, Arte1: Fotografía, Música, Poesía e Reprodución Audiovisual.
9. Áreas secundarias e que faciliten a súa mistura, Arte2: Fotomúsica, Fotolírica e Fotovideo como novos xéneros.
10. Áreas de uso, Arte3: videoclips, videopoema.
11. Novas áreas: Arte4 (mestura das 4 artes nunha sola), Artelingua (promoción da lingua a través do arte) e Arte 5 (mestura de máis de catro áreas artísticas).
12. A súa difusión pola rede e medios media do proxecto **12 LÚAS.**

¿Por qué 12 lúas?

O nome de 12 lúas ven dado porque a cada mes correspóndelle un mes. E este proxecto tenta ter o seu máximo fruto ó longo dun ano completo (12 lúas).

A razón que comecemos esta andadura o 17 de Maio é que este dia é o Dia das Letras Galegas (17 de Maio) no que se reivindica a nosa lingua e cultura galega. Ademáis disto o 17 de Maio coincide co dia de Internet, posto que coincide coa nosa idea da gratuidade da rede e a libre distribución da cultura. A parte disto coincide este mes de Maio coa celebración do 40 Aniversario do Maio do 68. Coa que nos queremos implicar ofrecendo a nosa revolución cultural a través da rede.

En canto, a que no noso proxecto esté o astro luar é debido a que a lúa co seu carácter místico é musa de moitos poetas e relixións. Sen deixar o seu aspecto científico de como altera o comportamento humano. Por iso con esta imaxe queremos reflexar o noso aspecto creativo.

¿Por qué Licencias Creative Commons?

As licencias Creative Commons ofrécenos a oportunidade de difundir as nosas obras, baixo uns parámetros, sen que nadie se apropie delas indebidamente. Podedes consultar as licencias Creative Commons na súa páxina web http://www.creativecommons.es .